



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CORISTANCO

Aprobación definitiva plan municipal de defensa contra incendios forestais Concello de Coristanco

ANUNCIO

Aprobación definitiva Plan Municipal de Defensa Contra Incendios Forestais do Concello de Coristanco.

Con data do 25.03.2021, o Pleno do Concello de Coristanco en sesión ordinaria, aprobou inicialmente o Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello (exp 2021/X999/000177). No dito acordo establecíase que no caso de que durante o prazo de información pública non se presentara ningunha reclamación ou suxestión entendérase, conforme ao artigo 49 da LRBRL, definitivamente aprobado o acordo inicial.

O Plan foi exposto ao público por un prazo de 20 días laborais, contados a partires do día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, BOP nº 61 do 05.04.2021, para que os interesados presentaran as alegacións ou suxestións que consideraran oportunas.

Rematado o dito prazo non se presentaron alegacións ou suxestións en relación co acordo de aprobación inicial.

Ao mesmo tempo a Dirección xeral de defensa do monte da Consellería do Medio Rural, emitiu informe favorable acompañando un exemplar do Plan municipal asinado.

En virtude do anterior, enténdese que o Plan Municipal de Defensa Contra Incendios Forestais do Concello de Coristanco foi aprobado definitivamente e entrará en vigor ao día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación definitiva no B.O.P.

O documento definitivo pode consultarse no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal <https://sede.coristanco.gal/opencms/gl/informacion/> e nas Dependencias municipais sitas na Avda. Fisterra, 112, San Roque- Traba, 15147, Coristanco.

Coristanco, 14 de xuño de 2021

O Alcalde

(asinado electrónicamente)

D. Juan Carlos García Pose

2021/5102